

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo:

1º.- Que o 25 de xuño de 1993, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "DE ALAXE", pertencente á Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Alaxe, termo municipal de Valadouro. Dita clasificación debe considerarse firme, o non terse interposto dentro do prazo legal recurso ou reclamación algunha.

2º.- Que o 28 de setembro do ano en curso, a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme có acordado por ésta en Asembleas Xerais celebradas o 1 de xaneiro e 12 de setembro de 1995, acordaron a súa vez:

- propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio para a repoboación forestal de 159 Hás. do monte veciñal en man común da súa pertenza e

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura do mesmo.

3º.- Que o Convenio ten por obxecto a repoboación forestal das 159 Hás., a conservación e tratamento selvícola da masa que se creé, ó seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos fins anteriores.

4°.- Que en consecuencia, o novo monte "DE ALAXE", queda constituido por:

159 Hás. do monte veciñal en man común "DE ALAXE".

5°.- Que as superficies actuais do monte "DE ALAXE", son:

superficie total.	159 Hás.
superficie rasa forestal..	156 "
superficie inforestal.....	3 "

6°.- Que o monte será plantado con P. radiata, de acordo coa natureza do terreo e cos desexos da Comunidade propietaria.

Á vista de todo iso, propoñemos a V.E.:

1°.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "DE ALAXE".

Elenco: 2715057.

Superficie: 159 Hás.

Pertenza: Comunidade de Alaxe.

Termo municipal: Valadouro.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no vo creado: 30%.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 1995.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS.



Asdo.: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,

(P/D 27-10-95)



Fdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

ILMO. SR. :

Visto o expediente relativo a firma dun Convenio entre a Consellería de Agricultura , Gandería e Montes e a Comunidade de Veciños da parroquia de Alaxe , termino municipal de Valadouro,Lugo, propietaria do monte veciñal en man común denominado "DE ALAXE", e a vista dos informes favorables emitidos polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo e pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais , esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos , por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, de fomento da produción forestal , o Real Decreto 1279/78, que aproba o seu regulamento , e o Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación , no ámbito da Comunidade Autónoma , o artigo 57 do devandito Real Decreto , así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e o Decreto 260 /92, que aproba o seu Regulamento .



Santiago a 15 de decembro de 1995
O XEFE DA SECCION XURIDICA

Asdo: Manuel M^a Rodriguez Perea

ILMO SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome de monte: "DE ALAXE".

Elenco: 2715057.

Superficie: 159 Hás.

Pertenza: Comunidade de Alaxe.

Termo municipal: Valadouro.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 1995.

O CONSELLEIRO,

P.D.

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	271	5057
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a vinte de decembro de mil novecentos noventa e cinco.

R E U N I D O S

Dunha banda, D. **TOMAS PEREZ VIDAL**, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. **JOSE MARIA OTERO FERNANDEZ**, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"DE ALAXE"**, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen perxuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A repoboación forestal dos terreos susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de mello-ras do monte.

b) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

c) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Alaxe, termo municipal de Valadouro**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"DE ALAXE"**

Termo municipal: **Valadouro**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal: **Monte en man común pertencente a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Alaxe, termo municipal de Valadouro.**

Límites:

N.: Monte "LONBO GORDO, CHAO DE LACORZAS E CRUCES", 2715601;

16.: Propiedades particulares;

17.: Propiedades particulares e mais monte da Comunidade de Alaxe e

O.: Monte da Comunidade de Vilacampa e mais monte da Comunidade de Alaxe.

Superficie: 159 (CENTO CINCOENTA E NOVE) Hás.

Estado forestal: 156 (CENTO CINCOENTA E SEIS) Hás. rasas forestais e 3 (TRES) Hás. info-
restais.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - - -

Sen vexetación arbórea: 159 (CENTO CINCOENTA E NOVE) Hás.

Servidumes: - - -

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade integrada polos veciños da parroquia
de Alaxe, termo municipal de Valadouro

que achega ó convenio:

- a) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- b) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio as cantidades necesarias para cubri-los
gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincuenta por cento contabilizarase en concepto
de subvención; o restante cincuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese
do un por cento anual.

5ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán
aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

6ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio,
o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e
o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela,
pertencente a entidade propietaria do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá
o - por cento, e a comunidade propietaria o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gan-
dería e Montes excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo
a cláusula cuarta, entregárase o exceso á comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade pro-
pietaria, e que estarán subordinados en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación
e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

7ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

8ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito por representantes autorizados de ámbalas dúas partes, figurando nel certificación do acordo da xunta de comunidade, co quorum regulamentario, no que se designe a persoa autorizada para efectos de sinatura do convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

9ª.— A duración deste convenio será por un período de trinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna na cláusula sexta, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisión patrimoniais e actos xurídicos documentados.

10ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

11ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. radiata.

12ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións derivadas do seu cumprimento que se susciten.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.


Don NILO FERNÁNDEZ ORTÍZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " DE ALAXE " da parroquia de Alaxe, concello de O VALADOURO.— Nº de Rexistro 0425, data do rexistro 25-maio-1.994.

2.— Que, así mesmo, figura Don JOSÉ MARÍA OTERO FERNÁNDEZ, e Don ANTONIO GARCÍA LORENZO, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 6-2-xaneiro-1.998

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo, a 9 de outubro de 199 5.



Don ANTONIO GARCIA LORENZO, Secretario de Comunidade de Alaxe, no termo municipal de Valadouro.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 1 Xaneiro e 12 Setembro de 1.995 estando designado Don JOSE MARIA OTERO FERNANDEZ representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Alaxe, termo municipal de Valadouro a vintecito de Setembro de mil novecentos noventa e cinco.

O SECRETARIO,

Visto e praxe,




O PRESIDENTE,

Asdo.: José M. Otero Fernández.

Asdo.: Antonio García Lorenzo.

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,



Asda.: José M. Otero Fernández.

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

D. Manuel Carballés Neceda.
D. Luis Cora Pico.
D. Antonio García Lorenzo.
D. José Lestegás Veiga.
D. José M^a. Otero Fernández.
D. Manuel Otero Villar.
D. José Uría Seijas.
D. José Ramón Cao López.
D. Pedro Paz Gpnzález

En la parroquia de Alaxe, municipio de Vadalouro, siendo las doce horas del día 28 de Septiembre de 1.995, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Alaxe, - cuya relación figura al margen.

Conforme con lo acordado por la citada Comunidad, reunida en Asambleas Generales celebradas el 1 de Enero y el 12 de Septiembre del año en curso, acuerdan a su vez:

1^a.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de la Xunta de Galicia la - firma de un Convenio para la repoblación forestal del monte vecinal en mano común de su pertenencia

de las siguientes características:

Nombre: "DE ALAXE".

Superficie: 159 Hás.

Límites:

N.- Monte "LOMBO GORDO, CHAO DE LAGORZAS Y CRUCES", de la - Comunidad de Rúa;


E.- Propiedades particulares;

S.- Propiedades particulares y más monte de la Comunidad de Alaxe y

O.- Monte de la Comunidad de Villacampa y más monte de la - Comunidad de Alaxe.

2^a.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.


Presidente Manuel Carballés
Daciano Cao
Antonio García
José Uría
José Ramón Cao
Pedro Paz
Luis Cora
José Lestegás
Manuel Otero Villar
Manuel Otero